

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL
QUINCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez

D. Salvador Durán Bermúdez

D^a M^a Isabel González Domínguez

D. Marcos Guisasola Padín

D^a María Deza Martínez

D. Constantino Sanmartín Quiñones

D^a Almudena Aguíñ Fernández

D. Gonzalo Gonzalo Pita

D^a M^a Victoria González Serén

D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez

D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo

D. Pablo Piñeiro Taboada

D. David Otero Domínguez

D^a Sandra Fernández Agraso

D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:

D. José Buezas Méndez

D. José Juan Vidal Vilanova

(INTERVENTOR)

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil quince, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN REALIZADAS O 24 DE NOVIEMBRE E 29 DE DICIEMBRE DE 2014. Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.--**

A)PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A REALIZACIÓN DUN NOVO DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E O GROVE. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais** do 22 de xaneiro de 2015 sobre esta proposta.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que había tres maneiras de ver este asunto, a primeira referíase á forma de actuación da **Sra. Alcaldesa**, coa que estaban en contra, posto que no seu día lanzou na prensa que quería comezar este proceso, creando un conflito social, cando se existía esta demanda o mais coherente sería negociar co Alcalde de O Grove, lamentando tamén que os representantes da oposición se tivesen que decatar pola prensa e sinalando que a **Sra. Alcaldesa**, en vez de buscar un consenso, preferiu lanzar a proposta.O segundo aspecto era o xurídico, que non valora pola existencia de dous informes e cita os dous apeos practicados nos anos 1899 e 1928, sen que comparecese o Concello de Sanxenxo, que foron decisivos para a posterior sentenza, aludindo a un terceiro informe, encargado durante a Alcaldía de Telmo Martín, que ía na mesma liña, co que parece difícil que se consiga un novo lindeiro.O último punto de vista é o histórico, que está por enriba de calquera forma de gobernar, existindo unha débeda histórica cos veciños desa parroquia, polo que por respecto a esas persoas, van votar a favor da proposta.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que a catro meses das eleccións queren facer algo que xa tiña que estar feito, que se aporta un informe externo, pero pola asesoría xurídica pártese da non viabilidade do deslinde, non existindo base xurídica rigorosa para unha nova delimitación, con todo o que isto leva consigo, engadindo que se ben na comisión informativa se abstiveron, agora non ían ser impedimento para a tramitación dun novo deslinde.A inteviniente botou en falta que nese entorno único que é A Lanzada, non se traballe conxuntamente para aproveitar as súas potencialidades, lamentando que non existan iniciativas ao respecto e por último recordou que foi o goberno do Partido Popular o que, coa aprobación do PXOM, permitiu o mantemento do deslinde actual.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, comezou manifestando que a Comunidade de Montes de Noalla ten un problema respecto duns montes deles que están no Concello de O Grove, considerando necesario que se defendan os intereses desta Comunidade, postura que adianta para que a **Sra. Alcaldesa** non diga que o seu voto está en contra da Comunidade de Montes de Noalla, precisando que o seu voto non o condiciona a demagogía da **Sra. Alcaldesa**.O inteviniente continuou dicindo que a proposta non é seria e, ante o

problema citado, pregunta polo papel da Alcaldía para que, a catro meses das eleccións, se lle ocorra discutir un novo deslinde, recordando ao respecto os dous apeos existentes, a sentenza do Tribunal Supremo que xera unhas consecuencias non recorribles en vía xudicial, tal e como sinala no seu informe o **Sr. Secretario** e, á parte, figura un informe xurídico solicitado polo anterior alcalde que ven a dicir que as variacións que se poderían conseguir serían insignificantes, existindo tan só un informe xurídico externo a favor encargado pola alcaldía. Finalmente sinalou que este expediente que non vai solucionar nada e só prexudicará os intereses da Comunidade de Montes de Noalla.

O **Sr. Gonzalo Pita** recalcou a crítica sobre as formas, engadindo que na proposta de nomeamento da comisión non se inclúe a ningún membro da oposición.

O **Sr. Otero Domínguez** resaltou que con esta proposta todo queda encomendado á vía administrativa e polo tanto en mans de políticos, concretamente do Conselleiro de Xustiza e posteriormente irá ao Consello da Xunta, tendo a absoluta seguridade de que os Sres Rueda e Feijóo non van ser os que sinalen un novo lindeiro co Concello de O Grove, engadindo que nese concello non se dan por aludidos e non vai existir conflito porque entenden que non van permitir que isto avance. O interviniente continuou dicindo que este tema era electoralismo malo e precisou que non votar afirmativamente a esta proposta non era estar en contra dos intereses da Comunidade de Montes de Noalla, aludindo a que de calquera consecuencia negativa deste tema para a parroquia citada serían outros os responsables. Por último o concelleiro en uso da palabra puntualizou que este concello non alegou nada á aprobación do PXOM de O Grove, que o tempo de defender xa o perderon e que non apoiarán unha proposta que non é digna e que crea confusión e engano.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo do anterior interviniente que fixo un mitin e manifestou que el vota en consecuencia e que non o teñen que advertir de nada. O concelleiro en uso da palabra aludiu a que o BNG tivo tempo mais que suficiente para facer unha emenda e non o fixo, sendo fácil non traballar e acusar de demagóxica unha proposta. Sobre o informe do **Sr. Secretario** sinalou que fai o que cree conveniente, pero el ten que ir mais alá e defender aos comuneros de Noalla, porque entende que poden dar este paso, aínda que pode pensarse que isto é produto de chapuzas de corporacións anteriores. Por último ao **Sr. Gonzalo Pita** díxolle que non podía vir con posturas preconcebidas, porque non coñece os temas e despois cambia a súa posición.

A **Sra. Alcaldesa** en primeiro lugar deu lectura a un escrito do **Sr. Buezas Méndez** desculpando a súa ausencia nesta sesión. A continuación a interviniente dixo que entendía que este tema molestase no Concello de O Grove, pero non que o fixese ao **Sr. Otero Domínguez**, engadindo que este tema non o pon enriba da mesa o PP de Sanxenxo, nin os comuneros de Noalla, senón que o conflito empeza porque dende O Grove se pretende usurpar uns montes que lexitimamente pertencen á Comunidade de Montes de Noalla e neste momento se está a traballar para defender os seus intereses, independentemente de que, á parte cuestións formais de erros pola non asistencia aos dous apeos, cree que historicamente non hai dúbida de que os lindeiros entre os dous concellos son os que figuran no informe incorporado ao expediente e polo tanto que A Lanzada é deste concello. Finalmente a interviniente manifestou que sería moi bo que o acordo fose por unanimidade e que non sabía se este acordo permitiría modificar o deslinde actual, pero seguro que servía para apoiar á Comunidade de Montes de Noalla.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación,

alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Incoar expediente para a realización dun novo deslinde entre os termos municipais de Sanxenxo e O Grove, para que os límites entre os dous concellos se axusten aos límites históricos sinalados no informe técnico redactado pola empresa “Lagares”.

SEGUNDO: Designar como membros da comisión á Alcaldesa, ao 1º Tenente de Alcalde, ao 2º Tenente de Alcalde e a Concelleira de Urbanismo, así como ao enxeñeiro agrónomo D. José Antonio González Ferreira, como perito.

TERCEIRO: dar traslado do presente acordo ao Concello de O Grove”.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

3º) POSTA EN COÑECIMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 10 DE NOVEMBRO AO 18 DE DECEMBRO DE 2014 (DE RES. Nº 1352/14 Á Nº 1586/14). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 10 de novembro ao 18 de decembro de 2014**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓN

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE APOIO Á CORRECTA ETIQUETAXE DO MEXILLÓN TRANSFORMADO (R. DE ENTRADA NÚMERO 740 DO 26/01/15): A Sra. **Deza Martínez**, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE APOIO Á CORRECTA ETIQUETAXE DO MEXILLÓN TRANSFORMADO”

Exposición de motivos

Con ocasión da recente revisión da Política Común de Pesca o Regulamento da Organización Común de Mercados da Pesca e da Acuicultura establece que a partir do 13 de decembro do 2014 aplicárase en toda a Unión Europea unha nova normativa de etiquetado dos produtos da pesca e da acuicultura, que deixa fora destas obrigas ós produtos da pesca e da acuicultura transformados e en conserva, entre eles o mexillón.

Esta nova situación legal permite ocultar a orixe do mexillón procedente de terceiros países transformado ou en conserva, prexudica ó consumidor nos seus dereitos e intereses, favorece ás empresas que comercializan mexillón foráneo ocultando en claro prexuízo das empresas que procesan mexillón cultivado en Galicia, o que repercute directa e negativamente no emprego e no sector primario, e consecuentemente na economía costeira e ás familias.

O mexillón configura un sector estratéxico na economía local de Galicia. A Xunta de Galicia afirma que o sector do mexillón xera en Galicia máis de 30.000 postos de traballo, incluídos os que se induce en diversas actividades: empresas destinatarias do mexillón (procesadores, cocedoiros, conserveiras, depuradoras de moluscos, centros de conxelación e pasteurización...), así como nas empresas proveedoras da industria (estaleiros, cordeirías, carpintería, montaxes e maquinaria...) e nas actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc... Á importancia económica da industria do mexillón, únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, converténdose nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

O Regulamento (UE) 1169/2011 establece que a Comisión Europea elaborará e presentará antes do 13 de decembro de 2014 ó Consello e ó Parlamento Europeo, un informe e unha proposta de modificación da normativa, sobre a indicación obrigatoria do país de orixe ou do lugar de procedencia dos ingredientes que representan máis do 50% dun alimento, cal é o caso do mexillón transformado ou en conserva.

Esta é unha nova oportunidade para recuperar o dereito do consumidor a ser informado, e unha nova oportunidade para a defensa do Mexillón de Galicia e dos múltiples intereses a el vinculados, e debe ser o propio sector quen lidere esta defensa.

Nesta liña o Consello Regulador do Mexillón de Galicia ten elaborado un documento- dispoñible na dirección electrónica que de seguido se cita- dirixido e presentado á Comisión Europea informando da situación específica do Mexillón de Galicia e solicitando que o mexillón sexa incluído no informe e na necesaria modificación normativa:

<http://www.mexillondeg Galicia.org/images/pdf/InformeComisionR11692011GAL.pdf>

Dito informe foi trasladado á Conselleira de Medio Rural e do Mar, así como ós candidatos dos partidos parlamentarios galegos no Parlamento Europeo. Tamén ás organizacións de consumidores, organizacións sindicais, profesionais, etc... solicitándolles a súa adhesión á finalidade do mesmo e a todas cantas propostas e accións contribúan a dita finalidade.

Así pois, para reforzar estes argumentos positivos e contribuír a acadar o obxectivo de etiquetar debidamente os produtos transformados e conservas do mexillón, propoñemos ó Pleno que debata esta proposta e:

1.- acorde defender a obriga de indicar a especie e o país de orixe na etiquetaxe do mexillón transformado e en conserva, apoiando a modificación normativa que se detalla no punto seguinte.

2.- acorde instar ó Parlamento Europeo de Galicia a debater o contido desta moción e darlle traslado á Comisión Europea da seguinte proposta, así como que inste á Xunta de Galicia a igual acción:

A) modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da Comisión:

1) o apartado 12 do artigo 67, substitúese polo seguinte texto: “12.A a información indicada nas letras a) e

h) do artigo 58, apartado 5 do Regulamento de control non se aplicará ós produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (Mytilus spp., Perna spp.)] e 16055900 [os demais].”

2) o apartado 5 do artigo 68, sustitúese polo seguinte texto: “5. O presente artigo non se aplicará ós produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (Mytilus spp., Perna spp.)] e 16055900 [os demais].”

B) modificación do Regulamento (UE) 1379/2013, do Parlamento Europeo e do Consello;

1) modifícase o parágrafo introdutorio do apartado 1 do artigo 35, como sigue: “*Sen prexuízo do Regulamento (UE) nº 1169/2011, os produtos da pesca e da acuicultura enumerados nos puntos a), b), c) e d) no anexo I do presente Regulamento e os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (Mytilus spp., Perna spp.)] e 16055900 [os demais], que se comercialicen dentro da Unión, con independencia da súa orixe ou do seu método de comercialización, poderanse ofrecer a venda ó consumidor final ou a colectivos, unicamente cando se indique no mercado ou na etiquetaxe correspondentes.*”

3.- acorde instar á Xunta de Galicia a que apoie e dea traslado á Comisión Europea da modificación normativa detallada no punto anterior.

4.- acorde remitir ó Consello Regulador do Mexillón de Galicia o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal.”

A **Sra. Deza Martínez** xustificou a urxencia da moción pola recente normativa aprobada e pola necesidade de defender neste momento este produto galego.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos/as corporativos/as presentes.**

A **Sra. Alcaldesa** indicou que era un texto de carácter técnico, que recollía as aportacións dos representantes do sector, sendo interesante que se aprobase por unanimidade para diferenciar os mexillóns de Galicia do resto.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que estaban de acordo na defensa dos produtos galegos.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que ían votar a favor porque querían apoiar a posta en valor dos produtos galegos, engadindo que tamén sería necesario especificar porque estes produtos se envasaban noutros países.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que ían votar a favor, aínda que non é a primeira vez que se discute este asunto neste pleno, porque xa presentou o seu grupo unha moción ao respecto. Continuou explicando que existe un conflito cos intereses das conserveiras, que prefiren meter mexillóns doutros países, non poidendo quedar ben con todos. Por último dixo que esta postura non é a que o grupo que presenta a moción defende en Europa, polo que agradece que se traía aquí e se sexa consecuente, agardando que isto marque un precedente.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que pensaba igual que o anterior interviniente neste asunto.

A **Sra. Alcaldesa** avogou pola defensa da calidade dos produtos galegos e pola necesidade de defender unidos os nosos intereses en Europa.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, na que, **por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL PARA INICIAR NEGOCIACIÓNS CO PROPIETARIO DO QUIOSCO PARA PODER RECEPCIONAR O TERREO ONDE SE UBICA A PRAZA DE VILALONGA. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 26 de Xaneiro de 2015 a seguinte MOCIÓN URXENTE.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A praza central da parroquia de Villalonga foi condicionada e humanizada no ano 2004 recibindo financiación de Política Territorial, sendo inaugurada o 29 de xuño de 2004 coa presenza do presidente da Xunta de Galicia D. Alberto Núñez Feijoo.

SEGUNDO.- Con anterioridade a esta inauguración, e dicir, con fecha 24 de xuño de 2004, o Concello de Sanxenxo asina un convenio co propietario da vivenda e quiosco que se ubica na plaza, D. Javier Agraso Pérez, comprometéndose o Concello á construción dun novo quiosco e vivenda nun lateral da plaza, e dicir, adosado ó edificio da antiga sucursal de Banesto, e unha vez executada a construción e donado ó dono do quiosco será cando se eleve a escritura pública a donación do terreo onde se atopa a plaza por parte do seu propietario actual ó Concello, sendo esta a única condición posta polo donante do terreo.

TERCEIRO.- despois de mais de 10 anos e tras mocions aprobadas por unanimidade en novembro do 2006 á proposta do B.N.G. e en novembro de 2013 por parte de S.A.L. todo segue igual, é dicir, cartos públicos en un terreo que segue sendo de titularidade privada e o quiosco no medio da acera pública no centro do pobo a falta de buscarle unha saída ó propietario do quiosco.

CUARTO.- O pasado 1 de xaneiro de 2015, cambian as circunstancias despois de tantos anos, xa que o quiosco pecha ó público utilizando o seu dono esta construción unicamente como vivenda habitual. Polo tanto, xa non é necesario que a ubicación da nova construción sexa nun lateral da plaza nin no entorno da plaza, non sendo necesaria a proposta anteriormente aprobada por toda a corporación de iniciar o proceso dunha modificación puntual do PXOM, tan so sería necesario negociar co Sr. Agraso o uso de vivenda habitual, xa que como todos saben, tratase dunha persoa en cadeira de rodas, sendo necesario que sexa algo accesible.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos para o seu debate e aprobación si procede a seguinte **MOCIÓN:**

Solicitamos se inicien as negociacións necesarias co propietario do quiosco Sr. Javier Agraso Pérez para buscarle unha saída para a súa vivenda e así poder recepcionar de forma pública o terreno donde se ubica a plaza de Villalonga por parte do Concello.”

O **Sr. Gonzalo Pita** xustificou a urxencia polo feito de que se produciu o cambio substancial de

que o quiosco pechou en xaneiro, co que xa non é necesario que a ubicación da nova construción sexa nun lateral da praza, nin no seu entorno e tampouco unha modificación do PXOM.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos/as corporativos/as presentes.**

O **Sr. Gonzalo Pita** aludiu a que se achegan as eleccións e debe buscarse unha solución a este tema, porque mentres tanto diñeiro público segue enterrado nunha propiedade privada.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que ían apoiar a moción, porque o acordo alude a iniciar conversacións, sen especificar que non se continúe coa modificación puntual, polo que seguirán traballando polas dúas vías simultaneamente.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA DEMANDAR AO GOBERNO DO ESTADO ESPAÑOL MEDIDAS RESPECTO DAS RENDAS PROCEDENTES DE PENSÍONS PERCIBIDAS POR EMIGRANTES RETORNADOS (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 739 DO 26/01/15). O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Sanxenxo,

EXPON:

Máis unha vez quémonos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Tras este colectivo recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declaren as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Foi a presión que realizou con intensidade a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados/as a que conseguiu que se saiba quen son os verdadeiros defraudadores e que se coñeza que houbo un trato inxusto e discriminatorio cos/coas pensionistas retornados/as. Tamén esa contestación social motivou a introdución na reforma fiscal prevista para 2015 dun “proceso de regularización” dirixido a este colectivo que, con todo, é unha solución parcial que non asegura un tratamento fiscal equitativo e non discriminatorio respecto doutras persoas que só perciben pensións de organismos do Estado español. Por iso non se pode consentir que se lle dea unha solución simplemente cosmética ás xustas demandas

deste colectivo coa Axencia Tributaria por atopármonos nas vésperas dun ano de importantes envites electorais. Son imprescindíbeis medidas reais para que a tributación das pensións de emigrantes retornados/as sexa xusta e igualitaria, que os impostos que soportan non teñan un tratamento legal diferente polo simple feito de ter desenvolvido unha parte da súa vida laboral no estranxeiro.

Por iso o grupo municipal do BNG deste concello, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.

b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.

c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dupla imposición.

d) Revisión dos convenio marco con outros países para evitar que situación deste tipo poidan volverse a producir."

O **Sr. Otero Domínguez** precisou que non deu lectura na moción ao punto segundo do texto que figura no documento que presentaron por rexistro de entrada, xa que a inclusión do citado punto se debía a un erro de transcripción. A continuación xustificou a urxencia da moción pola inxustiza tributaria que supoñía que se considerase estes veciños como incumpridores, cando eles crían que estaban exentos deste imposto, destacando que neste concello había veciños que se encontraban nesta situación.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que ía propoñer a abstención, pero non porque non estea de acordo coa moción, senón porque non poden apoiala cando un dos acordos propostos alude a unha manifestación que xa se celebrou o 5 de decembro pasado. O **Sr. Otero Domínguez** dixo que na moción lida neste pleno xa se suprimía ese segundo punto e a **Sra. Alcaldesa** indicou que na moción presentada por rexistro de entrada se estaba o referido punto do acordo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que estaba a favor do contido da moción, independentemente do sinalado no segundo punto que daba por eliminado sobre a base do erro explicado polo relator, engadindo que o seu voto será a abstención.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. A Sra. Freijeiro Vázquez, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoñe ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

O mirador da Granxa é un dos lugares emblemáticos do noso concello. Sin embargo ofrecen defectos importantes como é a acumulación da auga de choiva quedando estancada. Así mesmo o mosaico do azulexo está deteriorado.

Rogamos gestionen o arreglo de estas deficiencias.”

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, explicou que xa se realizaron varias xestións cos propietarios e a **Sra. Alcaldesa** recordou que se trataba dun rogo e, polo tanto, non precisaba contestación.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. A Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoñe ós membros do goberno local o seguinte ROGO:

Os viaxeiros que veñen dende Pontevedra ou de Villalonga e queren ir ata a vila de Portonovo, son deixados pola empresa de transporte na estación de autobuses de Sanxenxo. Este feito obriga os viaxeiros a ir camiñando ata Portonovo pola rúa, sucedendo o mesmo para ir dende Portonovo ata a estación de Sanxenxo. Para máis abondo tratase dunha vía que nun bo tramo non ten beirarrúas, creando un problema importante de inseguridade vial para as persoas sobre todo de certa idade e con problemas de mobilidade.

Polo exposto rogamos gestionen esta demanda dos veciños.”-----

3º) O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo indicou que os veciños de Vilalonga, barrio de Gondar solicitaban o adecentamento do camiño de Reiniño.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. (R. DE ENTRADA NÚM. 73 DO 07/01/15). A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“ROGO que formula **Dña Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

No lugar de Baltar, concretamente, a entrada do camiño dende a calle Infantería de Marina, convirteuse nun auténtico carreiro, intransitable para os vehículos. Dende fai bastante tempo os veciños da zona están demandando a limpeza do mesmo e a día de hoxe segue sendo un carreiro cheo de maleza, silvas, canas, etc. Na mesma zona hai alumeado público, unha farola, que apenas ilumina o camino senón toda a maleza da zona. Adxuntamos fotografías da situación real do camino a día de hoxe así como unha foto nocturna donde observase a existencia dun pequeno raio de luz tapado por toda a maleza.

ROGO: que por parte da Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios ante a Concellaría de Medio Ambiente e que se proceda a subsanar as mencionadas deficiencias de forma urxente.”

A **Sra. Aguín Pombo** matizou que xa se procedeu á limpeza da parte inicial do camiño, pero para transitar a determinadas casas aínda segue obstruído. A **Sra. Alcaldesa** manifestou que persoal de Medio Ambiente traballou alí dende principios de Xaneiro, engadindo que existían discrepancias sobre o seu carácter público ou privado.-----

5º) O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que os medios de comunicación tiveron que enterarse da convocatoria dunha sesión plenaria polos representantes da oposición, cando o departamento de prensa municipal se paga por todos, sendo do concello, non do goberno municipal, considerando o sucedido unha falta de respecto aos xornalistas que cobren a información municipal, polo que roga que isto non volva suceder e que o citado departamento cumpra as súas obrigas. A **Sra. Alcaldesa** dixo que dubidaba moito de que os medios de comunicación tivesen algunha queixa da responsable de prensa do concello, que puntualmente contesta todas as súas solicitudes de información, engadindo que outra cousa distinta e que chamen aos medios antes de que o faga o departamento de prensa municipal.-----

6º) A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que xa fixo este rogo privadamente facía dous meses, tratándose de que fronte á Tomada, en Vilalonga, non hai nin colectores, nin papeleiras e se está a acumular o lixo, engadindo que se deben repoñer os colectores que foron queimados e que están a dar mala imaxe.

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, deu lectura

ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

¿Despois da indemnización dos chalets de Ferro Mesego en Dorrón, cal é a situación actual, procede ao seu derribo e a cargo de quen?”

A **Sra. Alcaldesa** dixo que como a pregunta foi presentada na sesión, se responderá por escrito.--

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

A asociación cultural e deportiva de Vilalonga está a punto de ser desauiciada polo propietario do local debido á acumulación de mais dun ano sin cobrar o aluguer.

¿Podenos explicar en que momento se atopa esta situación?”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que houbo reunións cos directivos da asociación e os propietarios sen acordos, recordando que no seu día o concello sacou a concurso o aluguer do inmovible, pero non se puido asinar o contrato por deficiencias da outra parte, explicando que se hai acordo entre asociación e propietario se buscará unha solución, pero tendo en conta que o local non é municipal e o concello non pode decidir.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

O vallado de madeira que rodeaba o cruceiro de pedra situado en Monte Faro foi dañado por unha empresa que talaba arbores xa fai mais de un ano e según explicación en esta sala iase a reparar por esta empresa. Actualmente non ten ningún vallado quitándose incluso os restos do vallado antigo.

¿Podenos explicar en que situación se atopa?”

A **Sra. González Domínguez** manifestou que o valado rompeu dúas veces, a primeira reparouse e agora terán que ver como solucionar o problema.-----

4º) O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, aludiu a que o concello non pode actuar en propiedades privadas, preguntando sobre a situación do valado citado na pregunta

anterior, contestando a **Sra. Alcaldesa** que a comprobaran.-----

5º) A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** preguntou sobre unhas baldosas rotas na Praza de Vilalonga e se está prevista algunha actuación, respondendo a **Sra. Alcaldesa** que se reparaban continuamente e que ían volver facer unha revisión.-----

6º) A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, preguntou se estaba prevista algunha actuación de Costas do Estado para arranxar as deficiencias da praia de Paxariñas, contestando a **Sra. Alcaldesa** en sentido positivo, aínda que faltaba o compromiso por escrito, preguntando entón a **Sra. Aguín Pombo** sobre o contido da actuación, explicando a interpelada que ía ser bastante custosa, porque buscaban que fose definitiva, incluídas ancoraxes.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a **Sra. Presidenta** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**